

RESOLUCIÓN do Tribunal nomeado para xulgar o proceso selectivo extraordinario da Axencia Turismo de Galicia, convocado pola Resolución do 28 de decembro de 2022 (DOG núm. 248, do 30 de decembro), pola que se aproba e fai pública a baremación definitiva do exame tipo test e se dá publicidade de diversos acordos.

En sesión que tivo lugar o 20 de decembro de 2023, o Tribunal nomeado pola Resolución de 5 de maio de 2023 (DOG núm. 92, do 15 de maio) para os efectos de darlle cumprimento ao disposto no apartado III.2 das bases que rexen o proceso selectivo extraordinario de estabilización, aprobadas mediante a Resolución de 28 de decembro de 2022,

ACORDOU

Primeiro.- Aprobar e facer pública a **baremación definitiva do exame tipo test** da fase de oposición do proceso selectivo, recollida no Anexo I, que poderá consultarse no portal web corporativo da Axencia Turismo de Galicia, no enderezo electrónico: <https://www.turismo.gal/espazo-institucional>.

Segundo.- Declarar vacante a praza de profesor/a de Hixiene, Dietética e Nutrición, xa que ningunha das persoas aspirantes admitidas ao proceso superou a proba escrita. Esta praza terá que ser convocada de novo, de acordo ao procedemento que no seu momento se determine.

Terceiro.- Aprobar e facer público o día, a hora e o lugar de realización da segunda proba (defensa unidade didáctica) da praza de Profesor/a de Prácticas do Departamento de Servizos (grupo II), que terá lugar, **o venres, 2 de febreiro de 2024, ás 16.30 horas, na sede do Centro Superior de Hostalería de Galicia** (A Barcia. Estrada Santiago - Noia km. 3, 15896 - Santiago de Compostela). A esta proba soamente terán acceso as persoas que acadaron un mínimo de 20 puntos na proba escrita, en virtude do acordo do Tribunal, de 4 de outubro de 2023.

Cuarto.- Publicitar o establecido nas bases da convocatoria ao respecto da **preparación e exposición oral dunha unidade didáctica ante o tribunal**.

A proba consistirá na preparación e exposición oral dunha unidade didáctica referida a parte específica do temario (anexo III das bases).

A persoa aspirante elixirá o contido dunha unidade didáctica dun tema de entre tres extraídos ao chou por ela mesma, do temario da especialidade. Na elaboración da citada unidade didáctica deberán concretarse os resultados de aprendizaxe que perseguen con ela, os seus contidos, as actividades de ensino e aprendizaxe que se van a formular na aula, as competencias traballadas, a cronoloxía, o tempo estimado de carga de traballo para o alumno/a e os seus procedementos de avaliación.

O persoal aspirante **disporá dunha hora para a preparación da unidade didáctica, e poderá utilizar o material que considere oportuno, sen posibilidade de conexión co exterior**, polo que o material que vaia utilizar non poderá ser susceptible da dita conexión (ordenadores portátiles, teléfonos móbiles, etc.).

Para a exposición, **o persoal aspirante poderá utilizar o material auxiliar que considere oportuno** e que deberá achegar el mesmo, **sempre que sexa aprobado polo tribunal**, así como un guión que non excederá dunha páxina e que se entregará ao tribunal ao final desta.

O persoal aspirante disporá dun tempo máximo dunha hora para a defensa oral da



programación, a exposición da unidade didáctica (impartición dunha clase) e posterior debate ante o tribunal. O persoal aspirante comezará coa defensa da programación didáctica presentada, que **non poderá exceder de vinte minutos**, e a continuación **impartirá unha clase** sobre algún dos contidos incluídos na unidade didáctica, **que non excederá de trinta minutos**. A duración do **debate**, se é o caso, **non poderá exceder de dez minutos**. Esta proba valorarase globalmente de **zero a vinte puntos**, e o persoal aspirante deberá alcanzar, para a súa superación, unha puntuación **igual ou superior a dez puntos**.

Quinto.- As persoas aspirantes deberán presentarse ao exercicio previstas do **NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento fidedigno**, que a xuízo do Tribunal, acredite a súa identidade. Non se permitirá o acceso á aula en que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización da proba oral **agás, o establecido no punto cuarto**. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

De conformidade co disposto na base IV.13 da convocatoria, contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección da Axencia Turismo de Galicia, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario

José Carlos Fernández-Barja Martínez

**Vº e Prace
O presidente**

Antonio Casas Calviño





ANEXO – I

BAREMACIÓN DEFINITIVA EXAME TIPO TEST (1ª Proba)

1. PRAZA PROFESOR/A DE HIXIENE, DIETÉTICA E NUTRICIÓN (Gr. I)

NOME	APELIDOS	DNI	PUNTUACIÓN
Patricia	Beiro Sanromán	***9945**	14,59 puntos
Elena	Marcos Cardo	***4695**	6,35 puntos
Lía	Midón de la Fuente	***9086**	5,54 puntos

Segundo o recollido nas bases da convocatoria, e en virtude do acordo do Tribunal, do 4 de outubro de 2023, establécese o seguinte: "Para a proba da praza de profesor/a de Hixiene, dietética e Nutrición, que de acordo ás bases da convocatoria terá 75 preguntas e un máximo de 40 puntos, haberá que acadar un mínimo de 20 puntos coa superación de 37 preguntas netas, tendo en conta que cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta."

2. PRAZA PROFESOR/A DE PRÁCTICAS DO DPTO. DE SERVIZOS (Gr. II)

NOME	APELIDOS	DNI	PUNTUACIÓN
Oscar Santiago	De Toro Santos	***8254**	7,8 puntos
Ana Isabel	Gómez Leiras	***1570**	11,40 puntos
Rocío	Lis Prieto	***6596**	20,40 puntos
Patricia	Tasende Cotelo	***0713**	NON PRESENTADA

Segundo o recollido nas bases da convocatoria, e en virtude do acordo do Tribunal, do 4 de outubro de 2023, establécese o seguinte: "Para a proba da praza de profesor/a de Prácticas do Departamento de Servizos, que de acordo ás bases da convocatoria terá 50 preguntas e un máximo de 40 puntos, haberá que acadar un mínimo de 20 puntos coa superación de 25 preguntas netas, tendo en conta que cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta."

